Concello de AMES

**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO NO NÚCLEO DE PORTANXIL INCLUÍDA NA CONVOCATORIA DO PAS ANUALIDADE 2015 (PAS 2015)**

**Na Casa do Concello de Ames a 18 de maio de 2017**

**R E Ú N E N S E:**

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaría do Concello, Dª Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2017.

Doutra parte, don Roberto M. Midón Martínez, con NIF 33287540-P, en representación da empresa "Excavaciones Midón SL" con CIF B-15494388 e domicilio no lugar de Feros nº. 86, no Concello de Teo (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra **"saneamento no núcleo de Portanxil"**, e ó obxecto establecen as seguintes

**C L A Ú S U L A S:**

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Excavaciones Midón SL a realización das obras comprendidas no proxecto de "saneamento no núcleo de Portanxil" no prezo de sesenta e nove mil seiscentos setenta e seis euros e oitenta e cinco céntimos **(69.676,85.- Euros)** máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende a contía de catorce mil seiscentos trinta e dous euros e catorce céntimos **(14.632,14.- €)** de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **3.483,84.- €**, mediante aval do Banco Pastor SA. inscrito no rexistro especial de avais co nº 8219/114**,** correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

A SECRETARIA,-

O CONTRATISTA,-

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MIDÓN-EXCAVADORAS B-15494388 CACHEIRAS-TEO

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925